



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 20/02/2018 10:49:37

ENTRADA 3830 / RX 439388



Sra. Conselleira  
Consellería de Medio Ambiente e  
Ordenación do Territorio  
Xunta de Galicia

**ASUNTO:** Incumprimento moi grave e reiterado da normativa vixente na planta de Tecnosoles Galaicos, S.L. en Grixoa-Miramontes (Santiago de Compostela, A Coruña).

Serafín J. González Prieto<sup>1</sup>, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación

## EXPÓN:

- Que, con data 08-02-2018, SGHN recibiu da "Plataforma de afectados polo vertedoiro de Santiago-Miramontes" unha extensa documentación relativa ao vertedoiro e a planta de produción de tecnosolos na antiga canteira de Miramontes, no lugar de Grixoa (Santiago de Compostela) entre a que se inclúen as analíticas de 23 mostras de "supostos tecnosolos" recollidas e analizadas por técnicos e laboratorios debidamente acreditados que, por orde cronolóxica de recollida, son as seguintes:
  - Abril-2016: 3 mostras de "supostos tecnosolos" facilitados pola empresa ao auditor contratado polo Concello de Santiago de Compostela.
  - 15-06-2017: 1 mostra de "suposto tecnosolo" recollida pola auditoría contratada polo Concello de Santiago de Compostela.
  - 28-09-2017: 3 mostras de acopios de "supostos tecnosolos" e 3 mostras procedentes de zonas de aplicación dos mesmos, recollidas por inspectores ambientais da Xunta de Galicia.
  - 11-10-2017: 3 mostras procedentes de zonas de aplicación de "supostos tecnosolos" recollidas por inspectores ambientais da Xunta de Galicia.
  - 06-11-2017: 10 mostras procedentes de calicatas en zonas de aplicación de "supostos tecnosolos", recollidas por inspectores ambientais da Xunta de Galicia.
- Que na mostra recollida o 15-06-2017 unicamente se analizou o contido en metais e hidrocarburos totais de petróleo nos "supostos tecnosolos", mentres que nas restantes se analizou o contido de metais, metais en lixiviados, iones en lixiviados, compostos orgánicos volátiles, hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHs) e hidrocarburos alifáticos totais.
- Que nas analíticas realizadas ás mostras recollidas polo inspectores ambientais da Xunta de Galicia bótase en falla a comprobación de diversas condicións que deben cumprir os tecnosolos conforme á "Resolución do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se lle dá publicidade á instrución técnica de residuos ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, referente á elaboración de solos (tecnosolos) derivados de residuos" (DOG, nº 18 do 25-01-2008) (en adiante ITR/01/08):

<sup>1</sup>Tendo en conta a temática do presente escrito, considérase pertinente indicar que, na súa cualidade de Investigador Científico do CSIC, formou parte da comisión técnica de expertos que elaborou a ITR/01/08 a instancias da Xunta de Galicia.



- a. Determinación da textura, que *“será aquela que se asemelle o máis posible á dos solos naturais fértiles, e serán, polo tanto, as texturas máis axeitadas (na fracción menor a 2 mm) de franco areosa a franco limosa, cunha porcentaxe de gravas non superior ao 10% e cun tamaño máximo de partícula de 50 mm”*.
  - b. Cuantificación dos niveis de cromo hexavalente [Cr(VI)].
  - c. Verificación dos niveis máximos de microorganismos patóxenos *Salmonella* e *Escherichia coli*.
  - d. Ensaio de toxicidade aguda en miñocas conforme ao test OCDE 207.
  - e. Ensaio de emerxencia e crecemento de sementes de plantas terrestres conforme ao test OCDE208.
4. Que nas inspeccións ambientais da Xunta de Galicia bótase en falla a realización dun control das augas subterráneas tendo en conta:
- a. Que a ITR/01/08 contempla a posibilidade de dita esixencia no caso de aplicarse tecnosolos a superficies de máis de 1 ha, como é o caso da canteira de Miramontes.
  - b. Que as zonas de aplicación de *“supostos tecnosolos”* están próximas (200-400 m) a espazos sensibles (curso fluvial, terreos agrícolas e vivendas).
  - c. Que na Acta SA/57/2017/III-IV da inspección ambiental da Xunta de Galicia indícase textualmente que *“Tendo en conta as pendentes observadas, parte da choiva que escorra ou filtra a traves do acopio de tecnosolo situado ao sur das naves e do amoreamento de lodos de drenaxe da ría de Noia discorre ata esta gavia e remata vertendose directamente ao terreo. Non dispoñen de ningún tratamento para este tipo de augas”*. Segundo a acta, o amoreamento de lodos de drenaxe da ría de Noia contiña 3.989 toneladas de material nunha superficie duns 2.781 m<sup>2</sup>, mentres que o amoreamento de *“supostos tecnosolos”* cunha altura de ata 3 m ocupaba unha superficie duns 2.664 m<sup>2</sup>.
  - d. Que na Acta SA/108/2017/III-IV da inspección ambiental da Xunta de Galicia indícase textualmente que *“o día 27 observase que parte do lixiviado do tecnosolo en maduración rebosa cara o camiño rematando nunha gavia de pluvias que verte directamente no terreo”* e que *“na zona de aplicación máis antiga, ao oeste do oco da canteira observáronse indicios de que houbo esborramentos de material e emisión de lixiviados cara as fincas colindantes”*.
  - e. Que na Acta SA/136/2017/III-IV da inspección ambiental da Xunta de Galicia recóllense as coordenadas de 3 fontes na contorna próxima dos espazos de aplicación dos tecnosolos. Ao respecto compre salientar que **a ITR/01/08 establece que o uso de tecnosolos “estará totalmente prohibido en fontes e pozos de captación de auga subterránea para abastecemento da poboación”**.
5. Que segundo o Mapa Geolóxico de España MAGNA 1:50.000 do IGME a antiga canteira de Miramontes emprázase nunha zona de granitoídes de dúas micas e un dique de seixo. En Galicia, os niveis xenéricos de referencia para metais e metaloides nestes sustratos litolóxicos [Macías Vázquez F, Calvo de Anta R (2009) *Niveles genéricos de referencia de metales pesados y otros elementos traza en suelos de Galicia. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela*] son inferiores aos establecidos na ITR/01/08, polo que en ningún caso un incumprimento dos niveis de metais e metaloides fixados pola ITR/01/08 nas zonas de aplicación de tecnosolos na antiga canteira podería ser consecuencia da antiga explotación de áridos.
6. Que segundo as analíticas dispoñibles para metais e metaloides, os *“supostos tecnosolos”* incumpren os contidos establecidos na ITR/01/08 nun 70% das mostras (16 de 23). Os incumprimentos afectan a 5 dos 9 metais considerados (cadmio en 16 mostras, cobre en 3 mostras, níquel en 1 mostra, chumbo en 5 mostras e zinc en 9 mostras), con concentracións que exceden entre 2 e 5 veces os valores máximos permitidos. Ademais, a única analítica dispoñible para



cromo hexavalente (a do 15-06-2017) revela valores máis de 3 veces superiores ao admisible para este perigoso contaminante. Os "supostos tecnosolos" tamén incumpren nun 70% das mostras os límites establecidos para "outros usos do solo" polo RD 9/2005 e o RD 60/2009 (cadmio en 2 mostras, cobre en 16 mostras, níquel en 1 mostra, chumbo en 5 mostras e zinc en 9 mostras).

7. Que segundo as analíticas dispoñibles para iones en lixiviados, os "supostos tecnosolos" incumpren os niveis de nitratos establecidos na ITR/01/08 nun 45% das mostras (9 de 22 analizadas). Mención especial merecen 2 das 3 mostras recollidas polos inspectores ambientais da Xunta de Galicia o 11-10-2017 nas que se detectaron niveis de nitratos en lixiviados que exceden escandalosamente os límites establecidos na ITR/01/08 (son 43 veces maiores!!!) e iso a pesares de que os "supostos tecnosolos" levaban aplicados sobre o terreo máis dun ano e unha boa parte do contido inicial en nitratos (moi solubles en auga) seguramente xa fora arrastrado polas augas de chuva (alomenos 1.200 mm de precipitación nos 12 meses anteriores á toma de mostras).
8. Que segundo as analíticas dispoñibles para Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos (HAPs), os "supostos tecnosolos" incumpren os contidos establecidos na ITR/01/08 para outros usos do solo nun 73% das mostras (16 de 22 analizadas). Os incumprimentos afectan a 5 dos 7 HAPs considerados, con concentracións que exceden entre 4 e 10 veces os valores máximos permitidos: benzo(a)pireno en 14 mostras, benzo(a)antraceno en 13 mostras, benzo(b)fluoranteno en 15 mostras, dibenzo(a,h) antraceno en 10 mostras e indenol(1,2,3,c,d)pireno en 8 mostras. Os "supostos tecnosolos" tamén incumpren nun 95% das mostras os límites establecidos para "outros usos do solo" polo RD 9/2005 e o RD 60/2009, nos mesmos casos que nos indicados para a ITR/01/08 agás para o benzo(a)pireno no que incumprimento afecta a 20 mostras.
9. Que nas tres mostras recollidas polos inspectores ambientais da Xunta de Galicia o 11-10-2017 se indica a presenza de improprios (mecheiro, tubos plásticos, cables, vidros, pilas, cuchillas, cepillos de dentes, etc.), que representan o 4-19% en peso dos "supostos tecnosolos". A presenza de improprios, debida a unha deficiente separación previa dos residuos no proceso de elaboración de tecnosolos como se indica nas actas de inspección, **constitúe un incumprimento da ITR/01/08.**
10. Que segundo o "Proxecto de aplicación de tecnosoles. Cantera de Miramontes, Lugar Miramontes (Grixoa), - Santiago de Compostela" (agosto-2015; páx. 61), os tecnosolos depositaríanse sobre o terreo en capas de 50-75 cm de espesor, pero segundo os datos da Acta SA/137/2017/III-IV levantada polos inspectores ambientais da Xunta de Galicia o 06-11-2017 dito espesor se incumpría en 8 das 10 calicatas realizadas nas que o espesor medio de "supostos tecnosolos" era de 172 cm (rango entre 50 e 260 cm). Polo tanto, **a aplicación dos "supostos tecnosolos" non se realiza conforme ao estipulado no proxecto aprobado.**
11. Que, á vista da Acta SA/123/2017/III-IV da inspección ambiental da Xunta de Galicia, a aplicación de tecnosolos como capas de elevado espesor indicadas no punto anterior (denunciadas polos veciños como fosas de lodos) semella unha actuación premeditada e planificada pola empresa pois:
  - a. Non encaixa coa explicación dada polo xerente da Canteira de Miramontes, quen *"comunicou aos inspectores que orixinariamente as "balsas" eran ocos/fosos xerados pola extracción de xabre que posiblemente acumularon auga de choiva. Na actualidade ditos ocos están cheos do material procedente de residuos que produce Tecnosolos Galaicos SL"*.
  - b. Ao detectar *"no borde sur do oco da canteira a presenza dun novo cabalón"*, que *"segundo a empresa é material procedente da escavación das balsas de lixiviados e pluviais"*, os inspectores *"sospeitan que esta actuación podería dar lugar a un novo foso recheo de tecnosolo ou de "material procedente de residuos"*.



12. Que nas conclusións do informe de inspección e seguimento elaborado polos inspectores ambientais da Xunta de Galicia o 20-10-2017 en relación coa visita de inspección do día 11 anterior salientase:
  - a. A presenza no tecnosolo de residuos non autorizados no anexo I da ITR/01/08.
  - b. Que nalgúnhas zonas o material aplicado non cumpre as condicións de tecnosol maduro (epígrafe 4 da ITR/01/08): non xeración de olores, non saturación hídrica e ausencia de pragas.
  - c. A realización de operacións de aplicación non conformes co epígrafe 7 da ITR/01/08: se reenchen ocos da actividade mineira sen previo acondicionamento do terreo e empréganse espesores de aplicación que afectan aos terreos colindantes (esboroamentos e lixiviados).
  - d. Que a empresa supera a capacidade máxima de tratamento autorizada, polo que o almacenamento dos residuos empregados na elaboración do tecnosol e do produto en maduración non se fai nas condicións adecuadas (solo impermeabilizado e baixo cuberta).
  - e. Que non consta que a empresa dispoña dun rexistro no que figuren a cantidade do tecnosolo, o lugar e data de aplicación como esixe a condición oitava da autorización.
13. Que ao non cumprir "*cos requisitos previstos nesta instrución referidos ao seu contido*" e non ser "*utilizado de conformidade cunha memoria conformada co disposto no epígrafe 8.2 desta instrución*" (ITR/01/08) OS PRODUTOS OBTIDOS na planta de Tecnosoles Galaicos, S.L. NON PODEN CONSIDERARSE TECNOSOLOS, polo que seguen a ter a consideración legal de residuos e, xa que logo, estaríanse a aplicar de xeito irregular/alegal/ilegal na "restauración ambiental" da canteira.

Por todo o cal,

## SOLICITA

Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que vostede preside:

1. Ordene a paralización cautelar inmediata das actividades e o precinto das instalacións da planta que Tecnosoles Galaicos, S.L. posúe na antiga canteira de Miramontes (Grixoa, Santiago de Compostela).
2. Incoe un expediente sancionador contra Tecnosoles Galaicos, S.L. pola vertedura non autorizada de residuos mesturados ("supostos tecnosolos") contaminantes no medio natural.
3. Obrigue a Tecnosoles Galaicos, S.L. a retirar do medio natural a totalidade dos "supostos tecnosolos" que incumpran a ITR/01/08 e a xestionalos como a mestura de residuos que son conforme a lexislación vixente.
4. Facilite copia compulsada de toda a información que obre no seu poder á Fiscalía de Medio Ambiente de Galicia para que avalíe se a actuación de Tecnosoles Galaicos, S.L. pode constituir un delito contra a saúde das persoas e o medio ambiente punible de acordo co vixente Código Penal.

En Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2018

O Presidente da SGHN,

  


Serafín González Prieto